

PEZA DO MES

febreiro

2002



CHAVE ROMANA DE CASTROMAO. CELANOVA

OBXECTO DE USO COTIÁN, LIGADO Ó SENTIDO DA PROPIEDAD, CUNHA FORTE CARGA SIMBÓLICA Ó LONGO DA SÚA HISTORIA.





VISTA AÉREA DE CASTROMAO.

CHAVE ROMANA DE CASTROMAO

Esta chave procede do asentamento galaico-romano de Castromao, situado nun montículo inmediato ó lugar e parroquia do mesmo nome, no termo municipal de Celanova. Deste xacemento, cunha ampla cronoloxía, e distintas etapas ocupacionais, tamén procede a emblemática *tessera hospitalis*.

Trátase dunha chave romana de ferro das denominadas "tipo lacónico" con paletón de tres dentes, dobrado formando ángulo recto coa tixa ensanchada no extremo superior, onde se sitúa o anel de suspensión. Este tipo de chave abría pechaduras, posiblemente de madeira, de aí que non se conserve ningunha, cun mecanismo consistente ben en desprazar en sentido horizontal un pasador, ben en levantar por medio dos dentes o mesmo número de levas que caen por gravidade, en ambos casos a porta queda libre.

O uso da chave está ligado á utilización da porta, e como tal os pobos sendentarios, en contraposición cos pobos nómades que por regra xeral vivían en tendas ou cabanas, sen pesadas portas que dificultaran o seu transporte

A súa orixe parece atoparse nas civilizacións do Val do Indo, desde onde pasaría a Grecia e Roma a través de Exipto e Mesopotamia, na compañía doutras mercadorías e coñecementos técnicos. Numerosos personaxes hititas e babilónicos son representados con

longos útiles dobrados na man, que se veñen interpretando como chaves gancho da época; da mesma maneira, nun baixorrelevo do templo de Amon represéntase un trebello semellante, e sobre un sartego do s. I a. C. represéntase o deus Anubis levando na man unha chave de dentes.

O sistema máis sinxelo e posiblemente o máis antigo entre os gregos para fixar as follas das portas, e evitar que se abran con facilidade, está indicado na *Ilíada*, e consiste nunha tranca de sección circular que encaixa en dous ocos cilíndricos practicados nas xambas a media altura da porta. Este sistema reforzouse con ferrollos verticais que se fixan na soleira da porta, como se pode ver nalgúns palacios cretenses. O ferrollo horizontal, que se fixaba nunha folla e se escorregaba sobre a outra, se a porta era de dúas follas, ou sobre un oco na xamba, se só tiña unha, tamén era coñecido en Creta.

Posiblemente o tipo máis antigo de chave que se coñece é o denominado "chave de templo". Consiste nunha barra de metal dobrada dúas veces en ángulo recto, rematada nunha extremidade nun bucle, ensanchándose na outra. A este tipo de chave fan alusión os poemas homéricos e foi conservada nos edificios relixiosos, xa en época clásica, cando xa estaba en uso outro tipo de pechadura máis evolucionado. Diversas pinturas de vasos ofrécenos a imaxe do funcionamento destas chaves, pero quizá ningún como a "hydra" de Berlín, na que se ve unha muller introducindo na abertura da porta unha gran chave que conduce ó interior do pasador da pechadura; no alto e á esquerda está



MULLER ABRINDO UNHA PORTA CUNHA "CHAVE DE TEMPLO".

o chamador formado por unha placa metálica en forma de palmeta; na parte baixa, á esquerda, saíndo da follla da porta, unha tira de coiro estreira servía para volver cerrar a porta actuando sobre a caravilla interior.

Como noutros moitos aspectos da cultura e da ciencia, os romanos en contacto cos gregos, asimilaron e perfeccionaron todo xénero de chaves desde as grandes dos templos ata as lacónicas como a que nos ocupa, designando baixo o termo *Sera* todo o concernente as chaves, pechaduras e calquera outro mecanismo para suxeitar as follas das portas.

Así a chave lacónica, que parece ser de orixe exipcia, atopámola en Grecia formando parte do fastuoso tesouro de Filipo II de Macedonia, pai de Alejandro Magno. Foi perfeccionada polos romanos, dándolle ese aspecto

rematado en anrgola, mellorando e diversificando o mecanismo de funcionamento pasando do dispositivo por translación ou por elevación ó de rotación.

Pero a chave non só é un utensilio de uso cotidián, senón que ó longo da súa historia encerra un forte simbolismo que se fai patente tanto na man dos deuses como dos simples humanos.

Os sacerdotes exipcios tocaban cunha chave na boca das momias diante da sepultura, e na época ptolomeica usábase a chave con fins máxicos en determinados ritos. A Jano represéntase cunha chave na man dereita como garda das portas celestes, e o seu templo de Roma, que permanecía pechado en tempo de paz e abríase cando estalaba a guerra, pechábase con enormes barras de ferro e cen ferrollos, para que o pobo comprendese a necesidade de reflexionar antes de declarar a guerra. Saturno posúe as chaves do tempo, e Plutón leva unha na man esquerda para indicar que é imposible saír dos infernos. Da mesma maneira Hécate, que presidía os actos de maxia e encantamento represéntase coa chave que abre e cerra Hades, e cos dedos cubertos de aneis-chave, símbolo da unión da morte e da vida. A chave foi utilizada en rituais dos misterios romanos como no de Isis, no que se reunía a concepción exipcia e clásica. Este sincretismo conduce e remata en San Pedro, no que as chaves simbolizan o papel de carrexador do máis alo como vicario de Cristo.

Así mesmo, e xa en épocas máis recentes, a chave continúa mantendo un forte poder simbólico, que se manifesta tanto en escenificacións de actos de rendición, como pode verse no célebre cadro de Velázquez, *La rendición de Breda*, como nas entradas triunfais, nas que a cidade fai pública a expresión da súa entrega ó visitante coa ofrenda das chaves mediante representacións alegóricas desde un arco de triunfo levantado para o efecto ou unha porta da cidade.



SARTEGO ROMANO (S.I d.c.) NO QUE SE REPRESENTA UNHA FORXA, CUNHA PECHADURA ABAIXO Á DEREITA .

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Xulio Rodríguez González. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA: J.Carlos García España. FOTOGRAFIA: Fernando del Río. MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L. DEPÓSITO LEGAL: VG-78-2002



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE

